

**CONVENIOS DE PATROCINIO ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E CLUBS DEPORTIVOS PARA A ACTIVIDADE DE PATROCINIO POR PARTE DA ENTIDADE Á FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO DE ACORDO CO PLAN DE PATROCINIO DOS EQUIPOS DE ALTA COMPETICIÓN FEMININOS DE 1º E 2º MÁXIMO NIVEL ESTATAL DE GALICIA 2023**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O DIRECTOR-XERENTE DA FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO, **DECLARA:**

Que esta FUNDACIÓN formalizou cos clubs que se detallan a continuación, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 10 de xullo ata o 30 de novembro de 2023. A relación de equipos é a seguinte:

N.º EXP	EQUIPO
Exp. 1	Ensino Lugo Club de Baloncesto
Exp. 2	Club Universitario de Ferrol
Exp. 3	Club Deportivo Bosco
Exp. 4	Club Balonmano Porriño
Exp. 5	Clube Balonmán Atlét. Guardés-Guarda
Exp. 6	Club Béisbol y Sofbol Cambre
Exp. 7	Real Club Deportivo de la Coruña S A D
Exp. 8	Club Peluquería Mixta de Friol
Exp. 9	Viajes Interrías Fútbol Femenino
Exp. 10	Sárdoma CF
Exp. 11	Ourense Club de Fútbol SAD
Exp. 12	C.D. Burela F.S.
Exp. 13	Club Poio Fútbol Sala
Exp. 14	Marín Futsal
Exp. 15	Club Viaxes Amarelle FS
Exp. 16	Club de Waterpolo Pontevedra
Exp. 18	S D Tirán
Exp. 19	Club Remo Cabo da Cruz
Exp. 20	Club de Rugby Arquitectura Técnica de la Coruña
Exp. 21	Club Emevé
Exp. 22	Club Instituto Zalaeta



Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as relacións entre as Partes en orde a dispoñer a actividade de patrocinio por parte das Entidades á Fundación Deporte Galego así como a colaboración das partes na prevención e sensibilización fronte a violencia de xénero e a loita pola igualdade efectiva entre mulleres e homes, de acordo co Plan de patrocinio para o exercicio 2023.

Este patrocinio desenvólvese conforme ás prestacións publicitarias obrigadas así como de conformidade co establecido no Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos Equipos de Alta Competición Femininos de 1º e 2º Máximo Nivel Estatal de Galicia 2023.

Que existiu converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundamentouse no seguinte:

- I. A Fundación, entidade fundacional do sector público de Galicia, ten por obxecto a promoción e incentivo do deporte e da práctica deportiva en Galicia, en cuxa consecución está capacitada para a realización directa de actuacións e programas, ou en colaboración con institucións e empresas, tanto públicas como privadas.
- II. A Fundación, ten aprobado o Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos Equipos de Alta Competición Femininos de 1º e 2º Máximo Nivel Estatal de Galicia 2023, cuxo obxecto principal é prevención e sensibilización fronte a violencia de xénero e a loita pola igualdade efectiva entre mulleres e homes, tendo por destinatarios as entidades con equipos nas máximas categorías estatais absolutas. En diante, o Plan.
- III. As Entidades conta cun equipo participante nunha das competicións incluídas no ámbito obxectivo do Plan. En diante o Equipo.
- IV. Froito ao acordo de colaboración, entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Secretaría Xeral para o Deporte para desenvolver medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Dito acordo recolle o compromiso de desenvolver campañas específicas contra a violencia de xénero en espazos deportivos a través dun plan específico de patrocinio a equipos femininos que compitan nas máximas categorías de ámbito nacional. A estes efectos, na loita pola igualdade efectiva de mulleres e homes, e tendo en conta tamén o impacto destes clubs nos medios de comunicación, nos espazos deportivos, e nas redes sociais, e, en particular, respecto das nenas e nenos, adolescentes e mocidade, que son destinatarios principais das medidas do Pacto de estado contra a



violencia de xénero, a Fundación Deporte Galego co apoio da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pon en marcha a III edición do Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Femininos de Máximo nivel Estatal de Galicia 2023.

- V. Os obxectivos deste Plan son, en consecuencia, os de prevención e sensibilización fronte a violencia de xénero e a loita pola igualdade efectiva entre mulleres e homes, configurándose a Consellería de Emprego e Igualdade como patrocinador oficial do plan xunto á Fundación Deporte Galego. O plan comprenderá o tempo que resta do ano 2023 e implicará transmitir contidos relacionados coa loita pola tolerancia, igualdade e non violencia de xénero no deporte e na vida, entendendo esta actuación como un medio fundamental para a educación da sociedade sen discriminación e que incumbe a todas as persoas.
- VI. O plan contempla as actuacións que os clubs beneficiarios do plan se comprometen a realizar para colaborar coa Fundación Deporte Galego e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade na difusión das campañas específicas en contra da violencia de xénero e a favor da igualdade así como os importes a percibir polos clubs en función das características propias das competicións estatais de 1º ou 2º máximo nivel nas que participan. Atendendo ás actividades a realizar así como ao importes dos patrocinios, a actividade debe cualificarse como actividade de patrocinio (DA 4ª da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia), polo que se instrumentará mediante a formalización do correspondente convenio con cada club beneficiario.
- VII. Grazas á implicación e compromiso da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, todos os equipos obxecto desta actividade de patrocinio demostrarán que o DEPORTE GALEGO é un escaparate perfecto para poñer en valor a importancia do deporte como medio de fomento da actividade física e como ferramenta de loita pola tolerancia, igualdade e non violencia de xénero no deporte e na vida.
- VIII. O Plan estruturase nunha única liña de patrocinio con cargo á liña específica Deporte Galego e Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
- IX. Logo da correspondente tramitación do expediente, as Entidades resultaron adxudicatarias no procedemento establecido para a formalización coa Fundación, dun convenio de patrocinio con motivo do Plan de Patrocinio.
- X. Conforme a todo o referenciado, as partes, conveñen en subscribir o presente convenio de patrocinio.



Que os intereses converxentes das partes asinantes excluiron o ánimo de lucro, e non puideron satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O Director Xerente da Fundación Deporte Galego  
Iván Clavel San Emeterio

**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**  
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

SERVIZO DE COORDINACIÓN

